



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA DE CONTRATACION PARA A CONTRATACIÓN, A TRAVÉS DE PROCEDIMENTO ABERTO, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN, PARA A XESTIÓN INDIRECTA A TRAVÉS DE CONCESIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DEPENDENTES VALORADOS E PRESTACIÓN BÁSICA .

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás 12,45 horas do día 19 de xuño 2012, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a. Irene Suárez López, a traballadora social do concello D^a Carmen M^a González Fernández, o concelleiro de Facenda e Patrimonio D. Marcelino Enrique Cendón Vázquez, actuando de secretaria da Mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

- Con data 24 de maio 2012 constitúese a Mesa de Contratación aos efectos de apertura do sobre "A" Documentación Administrativa" e verificación da documentación. Unha vez comprobada a documentación administrativa presentada polas empresas a Mesa de Contratación acorda requirir e subsanar documentación ás empresas *EULEN Servicios Sanitarios, S.A.; CLECE, S.A. e EDADES - Patricia González Alonso.*

Unha vez realizado o requirimento de subsanación ás referidas empresas se presenta documentación polas mesmas aos efectos de cumprimento do requirido.

Á vista da documentación presentada, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda:

Primeiro:

- Non admitir á empresa EULEN Servicios Sanitarios, S.A., por non proceder á subsanación da documentación presentada e non cumprimenta-lo requirimento efectuado.

- Non admitir á empresa EDADES - Patricia González Alonso, por non acreditar a solvencia técnica ou profesional por un ou varios dos medios que se indican no parágrafo 3.2 do apartado 3." solvencia do empresario" da cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato."

- Admitir á empresa CLECE, S.A, ao proceder á subsanación da documentación e cumprimenta-lo requirimento.

En base ao anterior, as empresas admitidas á licitación son:

DENOMINACIÓN EMPRESA	ENDEREZO
IDADES, SL	R/ Michelena, nº 20-4ªA, 36002 Pontevedra.
CLECE, S.A.	Vía Hispanidad, nº 68-baixo, 36203 Vigo.
SOCISER GALICIA, SL	R/ Emilio Alonso Paz, nº 10-baixo. 36540 Silleda
SENES CIT, SL	Rúa Vila de Carral, 22-baixo. 15002 A Coruña

Segundo:

Realizar a apertura de proposicións económicas o vindeiro venres, día 22 de xuño, ás 9,00 horas, no Salón de Sesións do Concello, anunciándose mediante edicto no taboleiro de edictos e páxina web do concello, "perfil do contratante".

De seguido se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.

O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. M^a Jesús Blanco Martínez

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López

O CONCELEIRO DE FACENDA
E PATRIMONIO

A TRABALLADORA SOCIAL DO CONCELLO

Asdo: Marcelino E. Cendón Vázquez

Asdo: . Carmen M^a González Fernández